



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Cultura, Igualdade e Dereitos Cívís

RP 2026/14724. Aprobación das bases do VIII Premio “Luísa Villalta” a proxectos pola igualdade (PREM-LV / 2026)

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN AS BASES DO VIII PREMIO “LUIISA VILLALTA” A PROXECTOS POLA IGUALDADE (PREM-LV / 2026)

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Despois de ver os informes da Sección de Servizos Sociais, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar as Bases reguladoras do “VIII Premio “Luisa Villalta” a proxectos pola igualdade”, que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Segundo. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Terceiro- Aprobar o orzamento dos gastos derivados da convocatoria, por importe de **102.000,00 €**, con cargo ás seguintes partidas do Orzamento de 2026:

Importe	Partida
100.000 €	0611/23122/481
2.000€	0611/23122/22699

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

VIII Premio “Luísa Villalta” a proxectos pola igualdade (2026)

BASES

EXPOSICIÓN MOTIVOS

A Deputación da Coruña, como institución pública, está fundamentalmente comprometida co desenvolvemento de políticas e iniciativas que contribúan ao avance social na igualdade de xénero, verdadeira necesidade -e ao tempo, motor de transformacións- cara á consecución dunha sociedade xusta, libre, igualitaria e democrática.

En memoria e co obxectivo de contribuír a divulgar a obra e a figura de Luísa Villalta, destacada representante da cultura galega contemporánea, tanto no ámbito musical como no literario e do activismo e compromiso social coa transversalidade e o enfoque de xénero na súa escrita, a prol da loita pola igualdade real e o apoderamento das mulleres, a Área de Igualdade convoca o VIII Premio “Luísa Villalta” a proxectos pola igualdade.

Esta convocatoria enmárcase na medida 3.2.1 e 3.2.9 do Plan de acción de Igualdade Provincial 2019-2026, documento estratéxico de planificación das políticas públicas de Igualdade pola Deputación da Coruña.

O premio rexeráse polas seguintes bases:

Base 1. Obxecto e modalidade

Base 1. Obxecto e modalidade

O presente premio ten como obxecto promover a igualdade de xénero, combater a violencia machista e defender a diversidade sexual mediante o impulso de proxectos de impacto social que poñan en valor e fagan visible o papel das mulleres nos distintos ámbitos da sociedade —histórico, económico, laboral, deportivo, cultural, social, científico, educativo, tecnolóxico, político, sanitario e de coidados, audiovisual, rural e comunitario— desde unha perspectiva interseccional

Buscarase recoñecer e apoiar proxectos que contribúan á superación das desigualdades estruturais e favorezan a sensibilización, concienciación e fortalecemento do tecido social, así como a creación dunha contorna máis xusta, inclusiva e diversa.

Establécense dúas modalidades de participación:

Modalidade A: Proxectos sociais pola igualdade de xénero, a loita contra a violencia machista e a diversidade sexual. Premiaranse iniciativas e proxectos de transformación social desenvolvidas a través de accións de sensibilización, prevención, formación, intervención comunitaria e/ou investigación.

Modalidade B: Proxectos culturais pola igualdade de xénero, a loita contra a violencia machista e a diversidade sexual. Premiaranse proxectos de transformación social cuxo enfoque se basee nas expresións artísticas, promovendo narrativas igualitarias desde ámbitos culturais, como a literatura, o teatro, a música, a arte urbana, o cinema, as artes visuais, entre outros.

1.1. Requisitos dos proxectos

- Poderán presentarse ao premio proxectos que sexan orixinais e de autoría propia. Cada persoa ou entidade poderá presentar unha única candidatura, nunha soa modalidade. O xurado resérvase o dereito de reubicar o proxecto noutra modalidade se o considera oportuno.

- Os proxectos desenvolveranse na provincia da Coruña e terán como destinataria/beneficiaria a poboación da provincia e valorarase a súa repercusión provincial

- Todos os proxectos terán nos seus principios reitores:

- Unha filosofía integradora, interseccional e transversal do enfoque de xénero, participativa e de visibilización social das mulleres.
- A sensibilización, concienciación e intervención para corrixir as situacións sociais de desigualdade.
- A promoción e apoderamento das mulleres como motor económico e social que combata a discriminación estrutural.
- A presenza equilibrada de mulleres e homes especialmente nos diferentes equipos de traballo e órganos consultivos e de toma de decisións.
- A produción intelectual que fomente o traballo en rede coordinado e colectivo.

- Os proxectos empregarán a lingua galega e unha linguaxe con perspectiva de xénero. Desagregarán os datos por sexo cando se recaden datos a través de enquisas, formularios e/ou estatísticas e incorporarán medidas de accesibilidade universal en todas as súas fases.

1.2. Ámbito temporal do proxecto

Poderán presentarse á convocatoria todos os proxectos orixinais realizados desde o 1 de xaneiro de 2024. Todos os proxectos premiados deberán estar rematados o 31 de marzo de 2027, aínda que despois desta data poderán seguir en activo.

Base 2. Requisitos das persoas ou entidades candidatas

- Poderán presentar os seus proxectos as persoas físicas inscritas no réxime especial de traballadoras/es autónomas/os, as entidades de economía social e/ou empresas que teñan residencia/sede no territorio galego.
- As persoas xurídicas deberán estar legalmente constituídas no momento de presentar a candidatura.
- A persoa física ou xurídica, debe manter unha actividade económica continuada e permanecer de alta no IAE dende o inicio do proxecto ata a súa xustificación.
- Dado que a tramitación será telemática a través da plataforma SUBTEL, as persoas participantes deberán dispoñer de:
 - Certificado dixital da persoa candidata ou, no seu caso, da persoa nomeada representante.
 - A persoa candidata deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.
- Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

Só se admitirá unha candidatura por persoa física ou xurídica nunha única modalidade.

As e os profesionais inscritas/os no réxime especial de traballadoras/es autónomas/os non poderán presentar candidaturas propias cando formen parte de entidades de economía social e/ou empresas que tamén presenten a súa candidatura a estes premios.

No caso de presentación de varias candidaturas pola mesma persoa só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

Exclusións:

- Non poderán participar as persoas físicas ou xurídicas que fosen premiadas noutras convocatorias ou certames convocados pola Deputación da Coruña desde o 1 de xaneiro de 2024.
- Estarán excluídos os proxectos que sexan financiados por subvencións da Deputación da Coruña.
- Non poderán participar os centros educativos por ter convocatoria propia no premio Concepción Arenal.
- Os premios non poderán concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse se a persoa beneficiaria falecese despois da decisión do xurado.
- Non se admitirán proxectos de continuidade con diferentes contidos nin fases de proxectos.

Base 3. Dotación

O Premio Luísa Villalta a Proxectos pola Igualdade ten unha dotación de 100.000,00 €, con cargo á partida 0611/23122/481 do Orzamento ordinario para 2026.

Base 4. Contía e número de premios

Convócanse oito premios en total entre as dúas modalidades, por un importe máximo de 12.500 € cada un e este reducirase ata o importe do orzamento do proxecto seleccionado cando sexa menor.

O importe do premio está suxeito ás retencións legais que lle sexan aplicables.

Base 5. Forma, prazo e documentación da presentación das candidaturas

5.1. Forma de presentación.

As candidaturas deberán presentarse a través do apartado correspondente á convocatoria da plataforma telemática Subtel (na páxina web <https://sede.dacoruna.gal/Subtel/>) presentando toda a información requirida.

Non se terán por presentadas as candidaturas que se acheguen noutros rexistros.

A presentación da candidatura e toda a súa documentación deberá ser asinada dixitalmente pola persoa que a presenta.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a candidatura sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada.

Serán rexeitadas automaticamente as candidaturas que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cubran os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

5.2. Prazo de presentación

O prazo de presentación de candidaturas determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

5.3. Documentación da candidatura

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

- a) Estatutos/escritura da entidade adaptados á lexislación vixente (só para persoas xurídicas ou entidades)
- b) Nomeamento da persoa representante para a súas relacións coa Deputación da Coruña.
- c) Declaración de que a persoa física ou xurídica, mantén unha actividade económica continuada dende o inicio do proxecto.
- d) Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT.
- e) Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

f) No caso de persoas físicas, declaración de que non participan de ningún xeito en ningunha outra candidatura presentada a esta convocatoria por parte de entidades de economía social e/ou empresas.

g) Proxecto descritivo, segundo modelo establecido, no que se recollan os datos seguintes.

- Nome da persoa ou entidade que formula a candidatura, NIF
- Nome do/a representante, NIF
- Título, modalidade á que presenta o proxecto e data de inicio de execución.
- Breve descrición do proxecto que inclúa os seguintes apartados:
 - Obxectivos xerais e específicos
 - Interese do proxecto para a promoción da igualdade de xénero
 - Impacto social do proxecto en favor da igualdade de xénero na provincia e ámbito territorial
 - Accións previstas a executar
 - Metodoloxía de execución
 - Coordinación, colaboracións, patrocinios e apoios cos que conta o proxecto.
 - Calendario de execución (indicarase a data de comezo do proxecto, as fases de execución así como en que fase se atopa no momento da presentación)
 - Medidas de accesibilidade universal, innovación, sustentabilidade.
 - Recursos humanos e técnicos (breve CV dos/as profesionais, empresa/s ou entidades que promoven a proposta)
 - Perfil e número estimado de persoas destinatarias que se benefician directa ou indirectamente do proxecto
 - Avaliación e indicadores cuantitativos e/ou cualitativos con perspectiva de xénero que se empregan para medir a consecución dos obxectivos do proxecto
 - Plan de comunicación do proxecto incluída a publicación de resultados
- Orzamento desagregado destinado ao proxecto, con e sen IVE e fontes de financiamento do proxecto (achega da entidade candidatura, outros recursos externos para o autofinanciamento), así como das subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto
- Outra información de interese para o proxecto

O proxecto deberá ter un máximo de 8 páxinas e o tratamento de texto será Word, LibreOffice ou PDF, en formato DIN A4, texto a dobre espazo, letra Times New Roman corpo 12 e deberá estar paxinada, aquelas que excedan estes límites non serán valoradas.

- h) Declaración conforme o proxecto é orixinal e de autoría propia
- i) Declaración de que o proxecto que se presenta non é financiado por ningunha subvención da Deputación da Coruña
- j) No caso de proxectos xa executados na data de presentación da solicitude, ademais deberán presentar unha memoria de execución, segundo modelo establecido.

Base 6. Procedemento de concesión

Logo de recibidas as candidaturas, a unidade xestora determinará as que reúnen todos os requisitos e someteraa ao xurado que deberá de valoralas segundo os criterios recollidos nestas bases.

En función dos puntos asignados e do crédito dispoñible o xurado propondrá motivadamente as candidaturas que resultan premiadas e a contía do premio.

No caso de producirse empate na puntuación, atenderase á data e hora de presentación das candidaturas empatadas, primando aquelas que se presentasen con anterioridade e atendendo ao crédito dispoñible.

O xurado poderá declarar deserto/s o/s premio/s.

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor, a Presidencia ditará resolución de concesión do premio ou, no seu caso, resolución declarándoo deserto.

A decisión do xurado será inapelable e será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A concesión do premio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Base 7. Xurado

O xurado estará presidido pola deputada delegada de Políticas de Igualdade de Xénero, que poderá participar no xurado con voz pero sin voto, e formarán parte del tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito social, empresarial, cultural e de igualdade de xénero con formación e experiencia no deseño e execución de políticas de igualdade de xénero, nomeadas por ela.

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poida promover, se é o caso, a recusación dos seus membros.

Aplicarase o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), Título preliminar, Capítulo II, Sección 3ª: Órganos colexiados das distintas administracións públicas”, artigos 15 a 18, no que se refire tanto á validez da súa constitución, como á actuación do xurado.

As deliberacións serán secretas e delas será estendida a acta correspondente.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O xurado deberá participar na xustificación da execución do proxecto nos termos expostos na Base 9.2.

Base 8. Valoración das candidaturas

O xurado valorará todos os proxectos presentados tendo en conta os seguintes criterios:

<p>1. Interese do proxecto para a promoción da igualdade de xénero: Valorarase a capacidade de contribución ao avance no asentamento social da igualdade de xénero, a loita contra a violencia de xénero, a diversidade sexual e a interseccionalidade, así como a transversalización do enfoque de xénero incorporando o fomento da igualdade de xénero en diferentes ámbitos de actuación.</p>	ata 30 puntos
<p>2. Impacto social do proxecto en favor da igualdade de xénero na provincia: Valorarase a capacidade transformadora do proxecto a prol de superar as desigualdades de xénero e as posibilidades de cambio social relativo a crenzas, estereotipos, roles, etc. Recoñecerase a capacidade de efectividade e repercusión social do proxecto para xerar cambios na sociedade.</p>	ata 20 puntos
<p>3. Metodoloxía, persoas beneficiarias e coordinación Valorarase a claridade e eficacia da metodoloxía empregada, así como a pertinencia dos instrumentos utilizados para desenvolver o proxecto. Valorarase a estrutura do proxecto, asegurando que as fases de execución están ben definidas e organizadas. Valorarase a capacidade de coordinación e xestión eficiente do proxecto, promovendo redes de traballo e colaboración con outros axentes chave do territorio. Valorarase o número de persoas beneficiarias da proposta. Valorarase a orixinalidade e creatividade como a capacidade do proxecto para ofrecer algo único e distintivo a través do uso de enfoques ou técnicas diferentes .</p>	ata 30 puntos

<p>4. Medidas de accesibilidade universal, innovación, sustentabilidade</p> <p>Incorporación da accesibilidade universal: Valoraranse a inclusión de medidas que faciliten a participación igualitaria de todas as persoas en tódalas fases do proxecto, especialmente daquelas con algunha discapacidade. Isto inclúe adaptacións físicas, formatos accesibles para facilitar a comunicación (como subtítulado e lingua de signos) e recursos que garantan autonomía e independencia para todas as persoas.</p> <p>Innovación: Valorarase a incorporación na implementación de metodoloxías ou ferramentas de innovación social ou tecnolóxica, entendida como a capacidade de atopar novas propostas ou solucións a problemas sociais a través de políticas públicas ou de emprendemento social.</p> <p>Sustentabilidade e transferencia do proxecto: Valoraranse en termos de continuidade temporal o proxecto, capacidade de mantemento dos cambios acadados tras a súa implementación e a posibilidade de ser transferida esta experiencia noutro contexto social ou territorial, dada a súa capacidade de incidir nunha problemática global a nivel social.</p>	<p>ata 20 puntos</p>
---	----------------------

A proposta de concesión que formule o xurado será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación, previo informe do Servizo de Cultura, Igualdade e Dereitos Cívís e do Servizo de Fiscalización. A resolución de concesión do premio será dada a coñecer a través do Boletín Oficial da Provincia.

Base 9. Pago do premio, xustificación da execución do proxecto e reintegro do premio percibido

9.1. Pagamento.

O pago dos premios realizarase nun único prazo despois da resolución de concesión, debendo efectuarse, no seu caso, a retención do imposto da renda das persoas físicas ou o imposto de sociedades.

O pago do premio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Para o cobro do premio, deberán presentar a seguinte documentación:

- Comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros, que figura no apartado de impresos oficiais da páxina web da Deputación provincial da Coruña.
- Certificación da titularidade de conta, expedida pola entidade bancaria.

A presentación desta documentación farase a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL) no apartado “achega de documentación complementaria”.

9.2. Xustificación da execución do proxecto e reintegro do premio percibido.

Os proxectos premiados que xa estiveran executados na data de presentación da solicitude non terán que presentar a xustificación.

Os proxectos que non estiveran executados na data de presentación da solicitude terán que presentar a xustificación prevista neste apartado.

O xurado deberá verificar que o proxecto desenvolveuse tal e como fora presentado e premiado nesta convocatoria, e se non se axusta ao inicialmente presentado, poderá dar lugar ao reintegro parcial ou total do premio.

O incumprimento de calquera dos requisitos esixidos nestas bases poderá dar lugar ao reintegro de premio percibido, xunto cos xuros de mora que correspondan.

Para os efectos da dita comprobación, as persoas ou entidades premiadas por proxectos non executados, deberán presentar antes do **15 de xuño de 2027 ás 14:00 horas** a seguinte documentación:

Os *proxectos de formato físico* demostrarán o desenvolvemento a través de:

- Informe sobre o desenvolvemento do proxecto incluíndo os lugares e datas de execución, acompañado de toda a documentación gráfica, mediática, etc que apoie o seu contido e que dea conta das obrigas de publicidade recollidas na base 10.
- Declaración da empresa, entidade de economía social ou persoa autónoma de ratificación do desenvolvemento do proxecto.
- Declaración de que mantivo a actividade económica continuada, permaneceu de alta no IAE e no caso de persoas físicas de que se mantivo de alta no réxime de traballadores/as autónomos/as dende a presentación da súa candidatura ata o momento da presentación da xustificación.
- Entrega de cinco exemplares de cada un dos produtos (libros, discos, publicacións divulgativas, materiais de *merchandising*) elaborados dentro do proxecto.
- Deberase xustificar a difusión do proxecto mediante algunha presentación pública. No caso de que o proxecto non poida presentarse publicamente por estar prevista a súa participación en festivais audiovisuais co requisito de estrea absoluta, deberase indicar a data prevista do festival.

Os proxectos de formato virtual, escénico ou presencial demostrarán o desenvolvemento a través de:

- Informe sobre o desenvolvemento do proxecto incluíndo os lugares e datas de execución acompañado de toda a documentación gráfica, mediática, etc que apoie o seu contido e que dea conta das obrigas de publicidade recollidas na base 10.
- Declaración da empresa, entidade de economía social ou persoa autónoma de ratificación do desenvolvemento do proxecto.
- Declaración de que mantivo a actividade económica continuada, permaneceu de alta no IAE e no caso de persoas físicas de que se mantivo de alta no réxime de traballadores/as autónomos/as dende a presentación da súa candidatura ata o momento da presentación da xustificación.
- Un documento cos materiais audiovisuais, as ligazóns a contidos dixitais e outro tipo de contidos que demostren o desenvolvemento do proxecto.
- Deberase xustificar a difusión do proxecto mediante algunha presentación pública. No caso de que o proxecto non poida presentarse publicamente por estar prevista a súa participación en festivais audiovisuais co requisito de estrea absoluta, deberase indicar a data prevista do festival.

Toda a documentación xustificativa será presentada como documentación adicional no expediente da candidatura e deberá ser asinada dixitalmente pola persoa premiada ou, no seu caso, a persoa representante.

Cando adicionalmente se acredite a realización do proxecto noutros formatos (CD, memorias externas, libro, disco vinilo, etc...) deberán presentarse de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común ou mediante envío por correo postal ao enderezo Deputación Provincial da Coruña, Avda. Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña

Base 10. Obrigas

As persoas premiadas están obrigadas a divulgar a obtención do premio en calquera soporte ou medio de comunicación.

A persoa, colectivos, asociacións ou entidades premiadas comprométese a nomear á Área de Igualdade da Deputación da Coruña en todas e calquera comunicacións que realice en relación co premio, tanto en soportes físicos, auditivos como dixitais, deberá figurar, de forma expresa, a seguinte frase: Esta persoa/colectivos/asociacións/entidade foi premiada no VIII Premio "Luísa Villalta" a proxectos pola igualdade da Deputación da Coruña.

Así mesmo, deberá incorporar os logotipos da Deputación da Coruña e de Igualdade.

Nas publicacións en redes sociais deberán etiquetar á Deputación da Coruña e a Cultura Deputación da Coruña.

Nas presentacións dos proxectos finalizados deberase indicar que foi premiado pola área de Igualdade da Deputación da Coruña.

No caso de que o proxecto non estivera finalizado na data da concesión, os materiais e medios de difusión empregados con posterioridade para o seu desenvolvemento deberán incluír a identidade visual da Deputación da Coruña e de Igualdade que poderá descargarse na web www.dacoruna.gal no apartado de Imaxe corporativa.

Base 11. Protección de datos

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios, que poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación.
- Filmacións destinadas á promoción da actividade.
- Publicacións para dar a coñecer a actividade.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPD pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa **Política de Privacidade** ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Base 12. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases e a autorización á Deputación da Coruña para a divulgación dos proxectos premiados en actividades relacionadas co fomento da igualdade de xénero.

A Coruña, 13 de abril de 2026

O Presidente

Valentín González Formoso

O Secretario

Miguel Iglesias Martínez

2026/2306